



HOMES MISTERIOSOS

MANOLO, O SER FANTÁSTICO

Manolo é un ser fantástico do tamaño dun "boli"; viste cun vestido e unhas sandalias. Instálase nas clases nas que os "profes" mandan máis deberes.

A este ser o que lle gusta é facer os deberes. Para os alumnos non resulta molesto, pero para os "profes" si, todos os días failles os deberes e os exames a todos os alumnos. Os alumnos fanse amigos del, pero os profesores argallan un plan para botalo: o plan é non mandar ningún exercicio nin facer nada, entón el marcha e non volve.

SILVIA VÁZQUEZ SUFENTES, S1D


O LOBO E O RAPOSO

Érase unha vez un lobo e un raposo que encontraron un unto. Os dous pelexábanse por el e entón o raposo propuxo unha cousa:

- Ímonos deitar ao sol, ao primeiro que lle súa a barriga comeu o unto.

Entón os dous deitáronse, e como o raposo era máis listo, levantouse e mexoulle na barriga ao lobo e volveuse deitar. Cando se levantaron, ao lobo suáballe a barriga e levou as culpas de comer o unto.

DAVID MARTÍNEZ BARCIA, S1B



Isto comezou cando un home aparece na vila de Melide, este home era moi estraño, xa que tiña unha barba moi longa; vestía cunha saia longa ata os pés, vermella; unha camiseta negra de tirantes; un pucho na cabeza, tamén vermello e moitas outras cousas que eran estrañas.

O peor foi cando a xente da vila o viu, a que se montou! A xente comezou a dicir: "Ese é un vagabundo, é un maleducado, vén a esta vila todo chulo, quen se cre que é el? non ten familia, é orfo..." e moitas cousas peores. Resultaba que todo iso era mentira e cansouse.

Reuniu a xente do pobo e confesoulles por que estaba alí:

- Pois mirade, sodes unhas "maruxas", pois eu estou aquí porque teño a toda a miña familia no hospital, teñen unha enfermidade

contaxiosa e os médicos din que, para que se curen, teñen que ir a outro país, e hai que pagar a operación e a viaxe. Vin a esta vila para gañar algúns cartos e poder pagar a operación dalgún, porque xa morreron dous, pero tranquilos, que se non me queredes aquí, xa marcho- dixo o home chorando.

Os homes e as mulleres da vila de Melide quedaron abraiados ao oír aquela noticia tan triste. Entón reaccionaron e toda a xente lle dicía:

- Por favor, perdóanos, nós xulgámoste antes de saber nada.

Ao final puxéronse de acordo e déronlle os cartos das operacións e das viaxes. El perdoounos e deulles as grazas, mil veces.

Ao final toda a familia recuperouse.

SILVIA VÁZQUEZ SUFENTES, S1D



HOMES MISTERIOSOS



Chegara á nosa vila de Melide, unha vila pequena, rural, con praia e moito verde, un estraño home moi serio. Ía vestido de negro, e a cara levábaa tapada polo seu abrigo, tamén negro. As mulleres máis murmuradoras da vila empezaron a xulgar antes de falar con el. Que se era un terrorista, que se era un ladrón... Cada vez que o vían escapaban correndo.

Unha vez, un grupo de xente foi falar con el e pedíronlle que marchara da vila; entón el díxolles que non lles faría dano ningún e contoulles a súa vida. Contoulles que era un rapaciño, aínda que aparentaba máis anos dos que tiña; que el vivía só en Londres, porque os seus pais deixárano abandonado pouco despois de nacer, e que lle dixeran que os seus pais se encontraban aquí en Galicia; pero para vir a Galicia tivo que cruzar o mar Cantábrico nunha barquiña que el mesmo construíra. Pero xusto cando divisou terra alá ao lonxe, a barca estalou e tirouno para o mar. El, por sorte, deu nadado ata esta vila.

Entón, os habitantes de Melide sentíronse mal e

dixéronlle que o sentían moito e que se quería podía quedar para toda a vida na nosa vila, pero el díxolles que non, que seguiría en busca dos seus pais. E todos lle botaron as culpas ás murmuradoras.

ANDREA M^a VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, S1D

Hai xa dous meses que marchou, pero aínda me acordo del como o primeiro día. Era un home pequeno e un pouco gordinflón; vestía cun sombreiro negro e unha túnica negra; os seus zapatos eran anchos e feos; o pelo era curto, con algunhas trenzas de tamaños e cores diferentes; os seus dentes eran perfectos, agás un, que o tiña picado, todo negro e cortado pola metade. Tiña un aspecto tan raro e misterioso, que a xente empezou a falar del. Uns dicían que era cómplice da banda dos Laps, unha banda de asasinos moi famosa na nosa cidade. Outros dicían que só era un vagabundo que vivía debaixo das pontes. Todos contaban o que lles parecía, pero ninguén dicía a verdade.

O forasteiro, chamado Pepe Luís, que xa estaba farto das cousas que andaban dicindo del, decidiu contar-nos a súa historia. El non era un asasino, nin un vagabundo, só era un home coa esperanza de encontrar aquí a súa familia. Había anos que a perdera, cando ían de vacacións a Tenerife. Polo camiño, o barco no que viaxaban fundiuse por un choque cunha rocha e toda a xente caeu no mar. El ía coa súa familia, pero desgra-

ciadamente unha gran onda distanciounos. Puido salvar a vida grazas a un anaco de madeira ao que se suxeitara, e de alí a uns minutos salvárono os socorristas. Estes, ao non atopar a súa familia, levárono a un orfanato. Alí estivo ata que cumpriu os dezaioito anos. Cando marchou do orfanato, vivía na Coruña, nunha pequena casa que fora dos seus pais. Viviu ben os primeiros dous anos, grazas aos cartos que conseguira traballando nunha gasolineira; pero cando se lle acabaron os cartos, non tivo outro remedio que roubar. Foi cando a policía o pillou e tivo que fuxir ata aquí.

A xente, ao oír aquela historia, decidiu ir falar coa policía para arranxar o asunto. Todo o pobo acompañou a Pepe Luís á comisaría. Conseguiamos que o librasen da condena, pero tivo que pagar unha multa.

Todos os habitantes da vila, para axudalo, puxemos uns poucos cartos e pagámola.

Decidimos levalo á tele, ao *Diario de Patricia*, para poder atopar a súa familia. Ao programa foron Pepe Luís e o alcalde Xoán, representando a toda a vila. Xa faltaban uns minutos para que se acabara o programa e alguén chamou: era a voz dunha muller que parecía moi emocionada, era a nai de Pepe Luís, que por fin encontrara o seu fillo despois de tanta busca. A presentadora díxolles que se reuniran un día na nosa vila para que se puidesen encontrar.

Ao chegar á casa, Pepe



HOMES MISTERIOSOS

Luís e o alcalde Xoán recibiron unha sorpresa, estaban con nós Lorena e Francisco, os pais de Pepe Luís, que acababan de chegar. Pepe Luís, ao velos, púxose tan feliz que non puido evitar que lle caesen as bágoas.

Finalmente Pepe Luís e os seus pais marcháronse contentos, e a nosa vila máis. Eles fixéronse os máis famosos do momento.

SANDRA PENAS, S1B

Un día na nosa vila, Melide, apareceu un home moi estraño, cunhas roupas rachadas, que parecía moi triste.

A xente xa empezou a falar del: que se escapara do cárcere, que era un terrorista...

O home, un día, reuniu un grupo de persoas na praza para contarnos a súa historia, e para que nós non lle tivéssemos medo.

El era o capitán dun importante barco de mercadorías, pero tivo unha disputa con outros capitáns e estes destruíronlle o barco. Toda a tripulación morrera e, por riba, el tiña a súa familia lonxe.

Os habitantes da vila reaccionaron e déronlle acollida nas súas casas.

Cando xa pasara un tempo do sucedido, o home marchou da vila, non sen antes despedirse de todos nós. Marchou porque un barco que saía da vila ía cara a onde vivía a súa familia, que non sabía nada del.

PATRICIA SOUTO BLANCO, S1D

Nunha vila moi afastada apareceu un home de aspecto estraño. En todos os sitios se oían cousas sobre el: que roubara no banco, nalgúns tendas, etc

A xente, cando o atopaba, sempre lle dicía que se tiña algún problema que llo contara, que intentarían axudarlle.

O home, despois de tanto insistirle, decidiu xuntar a toda a vila para contarles a súa vida.

Contoulles que vivía no estranxeiro e que viña aquí para vivir grandes aventuras, pero inundóuselle o barco e tiña que roubar para conseguir cartos e poder volver ao estranxeiro.

A xente entristeceuse moito e díxolle que era mellor que traballara, pero el dicía que non atopaba traballo e levaríalle moito tempo conseguir os cartos.

Un día, de súpeto, viron marchar aquel home tan estraño e preguntáronlle a onde ía, e o home díxolles:

- Marcho xunto coa miña familia, porque grazas a vós puiden traballar e xuntar o suficiente para volver ao estranxeiro.

CRISTINA CONDE ROCA, S1D



Hai tempo, a unha vila na que a xente non se levaba moi ben, chegou un barco de turistas. Un deles tiña un aspecto raro, vestía todo de negro e andaba moi serio.

Cando a xente viu a este individuo comezou a falar del, a inventar historias que eran mentira.

Foron uns rapaces onda el e preguntáronlle se era verdade o que a xente andaba a dicir, el dixo que non. Canso das mentiras, contoulles a súa vida. Contou que el fora á vila para ver se atopaba aos seus pais, xa que fora de viaxe e de repente seus pais desapareceran. El buscáraos, pero non os atopara.

Os habitantes da vila entristecéronse e preguntáronlle o que ía facer. El dixo que tiña que marchar para seguir buscando aos seus pais.

ALBA SEOANE SUÁREZ, S1D